



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE

### NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 9 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, corresponde elixir no presente proceso electoral a UN PAI/NAI dun total de tres que debe ter o Consello Escolar. Dos outros dous representantes do sector de pais/nais, un continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018 e o outro será proposto pola ANPA.
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 3 de novembro estará exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 15 de novembro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na administración do centro. **As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14'00 horas do día 11 de novembro.**
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 15 de novembro, ás 12:20 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.
5. A campaña electoral comprenderá dende o 12 ao 19 de novembro, ambos días incluídos. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.
7. As votacións realizaranse neste Centro Público o **día 22 de novembro, de 16:00 a 19:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 15:45 horas.
8. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
9. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.
10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
11. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Coristanco, 3 de novembro de 2021

O DIRECTOR E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL